



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MONTERREI PARA A MELLORA DO ACCESO Á RÚA DA IGREXA EN VILAZA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Monterrei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Monterrei para a mellora do acceso á Rúa da Igrexa en Vilaza. En concreto a actuación a realizar consiste no acondicionamento do entronque da rúa Requeixo coa rúa da Igrexa, co fin de dar solución a diferenza de cota e respectar o elemento patrimonial catalogado Casa con Corredores.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade, e ten, entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.





Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo.

Terceiro.- Os artigos 193.1 b) e 195.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Cuarto.- A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar ao desenvolvemento das actuacións indicadas, por ser unha iniciativa de relevancia na oferta turística galega vinculada aos seus recursos turísticos. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o concello de Monterrei o único que pode realizar a actuación descrita.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Monterrei unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Axencia Turismo de Galicia



recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

